

**Memoria complementaria á memoria xustificativa e á memoria económica do convenio-tipo de colaboración entre a Xunta de Galicia-Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para a execución de proxectos de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais**

Como consecuencia das renuncias presentadas polos concellos de Castro Caldelas e de Vilanova de Arousa ás respectivas subvencións concedidas por resolución do 15 de xuño de 2018, ao abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (DOG núm. 5, do 8 de xaneiro), a Dirección Xeral de Administración Local elevou proposta de resolución para concederlle novas subvencións aos concellos solicitantes seguintes ao último beneficiario, seguindo a orde de puntuación establecida na acta da Comisión de Valoración prevista nas bases reguladoras, que serviu de fundamento para a resolución de concesión, ata un importe total que non supera o máximo autorizado para esta convocatoria, consonte a dispoñibilidade orzamentaria producida polas renuncias dos concellos citados

Polo tanto, cómpre modificar a relación de concellos e proxectos subvencionables incluídos na memoria xustificativa e na memoria económica do convenio-tipo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e diversos concellos de Galicia para a execución de proxectos de infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais.

Esta modificación ten por obxecto excluír aqueles concellos propostos como beneficiarios das subvencións concedidas ao abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017, como consecuencia da maior dispoñibilidade orzamentaria derivada das devanditas renuncias, e incorporar os concellos seguintes ao último que integraba a proposta inicial de concellos.

Mantéñense as condicións iniciais, polo tanto respéctase a orde de prelación establecida pola Comisión de Valoración prevista na orde e non se supera o importe máximo total de 500.000,00 € destinado a estes convenios.

As modificacións concrétnanse na supresión dos concellos de Arnoia, Becerreá e O Pino:

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN	%
Arnoia, A	Mellora de edificio municipal no concello de Arnoia	21.108,79	12.665,27	60,00%
Becerreá	Renovación parque infantil en Becerreá en praza do Concello	38.962,00	23.377,20	60,00%
Pino, O	Renovación da instalación de iluminación pública na parroquia de Arca: lugar de Vilaboa e outros	55.772,64	33.463,58	60,00%
		TOTAL	69.506,05	

Correlativamente, incorpóranse os seguintes:

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN	%
Toén e Barbadás	Acondicionamento de vía pública entre Moreiras e Sobrado	60.500,00	36.300,00	60,00%
Cerdedo-Cotobade	Adecuación planta baixa e sala de concelleiros na casa consistorial	62.450,00	37.470,00	60,00%
		TOTAL	73.770,00	





A relación modificada completa de concellos beneficiarios das axudas instrumentadas mediante convenio, ata un importe máximo total de 500.000,00 €, para os proxectos promovidos por aqueles concellos que presentaron solicitude ao abeiro da Orde do 4 de decembro de 2017 e que non resultaron beneficiarios por esgotamento do crédito destinado ao financiamento desta convocatoria, respectando a orde de prelación que estableceu a Comisión de valoración prevista na devandita convocatoria son os que se relacionan a continuación:

CONCELLO	PROXECTO	ORZAMENTO	IMPORTE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN	%
Baralla	Mellora e ampliación da iluminación pública da área recreativa de Baralla	40.000,00	24.000,00	60,00%
Beariz	Acondicionado parques infantís en Magros e Beariz	39.980,94	23.988,56	60,00%
Bóveda	Climatización da casa do concello de Bóveda	59.971,40	35.982,84	60,00%
Carballedo	Renovación de instalacións de iluminación exterior. Situación; rúa Irmáns Fernández Dorrego	50.000,00	30.000,00	60,00%
Cenlle	Rehabilitación de dependencias destinadas á prestación de servizos básicos	20.125,16	12.075,10	60,00%
Cerdedo-Cotobade	Adecuación planta baixa e sala de concelleiros na casa consistorial	62.450,00	37.470,00	60,00%
Coirós	Mellora rede de iluminación pública en Recebes-Loureiros (Coirós)	50.000,00	30.000,00	60,00%
Entrimo	Reforma da planta baixa da casa do concello	50.000,00	30.000,00	60,00%
Gudiña, A	Mellora e arranxo de firmes en Carracedo da Serra	50.000,00	30.000,00	60,00%
Irixo, O	Pavimentación de vías municipais no concello do Irixo	48.399,99	29.039,99	60,00%
Larouco	Mellora de pavimentación e rehabilitación na rúa Iglesia Vella de Larouco	44.000,00	26.400,00	60,00%
Monterroso	Acondicionamento de local municipal para arquivo municipal	40.000,00	24.000,00	60,00%
Pol	Rehabilitación e ampliación da biblioteca municipal	50.000,00	30.000,00	60,00%
Rairiz de Veiga	Mellora de infraestruturas municipais en Rairiz de Veiga	40.000,00	24.000,00	60,00%
Sober	Urbanización da praza do concello. Fase II	60.461,15	36.276,69	60,00%
Toén e Barbadás	Acondicionamento de vía pública entre Moreiras e Sobrado	60.500,00	36.300,00	60,00%
Vedra	Execución de acondicionamento de camiño en Paizás, Trobe	47.746,53	28.647,92	60,00%
		TOTAL	488.181,10	

Para o seu coñecemento procede darlle traslado á Asesoría Xurídica e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández Tapias-Núñez

Documento asinado dixitalmente á marxe

